

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27016352	IES do Camiño	Palas de Rei	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

As Humanidades e a proposta dunha educación humanista na civilización europea van intrinsecamente ligadas á tradición e á herdanza cultural da Antigüidade clásica. Unha educación humanista sitúa as persoas e a súa dignidade como valores fundamentais, guiándoas na adquisición das competencias que necesitan para participaren de forma efectiva nos procesos democráticos, no diálogo intercultural e na sociedade en xeral. A través da aprendizaxe da lingua, da cultura e da civilización romanas, a materia de Latín I permite unha reflexión profunda sobre o presente e sobre o papel que o Humanismo pode e debe desempeñar ante os retos e desafíos do século XXI. Esta materia contén, ademais, un valor instrumental para a aprendizaxe de linguas, literatura, relixión, historia, filosofía, dereito, política ou ciencia, capacitando o alumnado que a cursa para ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos, proporcionando un substrato cultural que permite comprender o mundo, os acontecementos e os sentimentos e que contribúe á educación cívica e cultural do alumnado.

A materia de Latín ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización latina á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar estas fontes de acceso á Antigüidade romana como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vértase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo romano, e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización latina.

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización latina, o alumnado de Latín localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos da fonética, o léxico, a morfoloxía, a sintaxe e, de ser o caso, o uso oral e escrito da lingua latina baixo a guía do profesorado. Ademais destes saberes de carácter lingüístico, o uso activo do latín, a comprensión do texto e a súa tradución son procesos clave que permiten activar saberes de carácter non lingüístico. As técnicas e estratexias implicadas no proceso de comprensión dun texto e/ou a súa tradución contribúen a desenvolver a capacidade de negociación para a resolución de problemas, así como a constancia e o interese por revisar o propio traballo. Permite, ademais poñer en práctica estratexias comunicativas que melloren a capacidade do alumnado en cuanto á expresión.

A materia de Latín parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo romano, na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes éticas e estéticas que conforman o ámbito europeo. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Roma e os actuais, contribuíndo así a desenvolver a súa competencia cidadá.

Por outra parte o estudo do patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, material e inmaterial, merece unha atención específica e permite observar e recoñecer na nosa vida cotiá a herdanza directa da civilización latina. A aproximación aos procesos que favorecen a sustentabilidade deste legado ou a xestión cultural e a conservación do patrimonio.

Os obxectivos da materia de Latín foron deseñados a partir dos descritores operativos das competencias clave nesta etapa, especialmente da competencia plurilingüe, a competencia en comunicación lingüística e a competencia cidadá, xa mencionada.

O enfoque plurilingüe da materia de Latín en bacharelato implica unha reflexión profunda sobre o funcionamento non só da propia lingua latina, o seu léxico, os seus formantes e as normas de evolución fonética, senón tamén das linguas de ensino e daquelas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado, estimulando a reflexión metalingüística e interlingüística e contribuíndo ao reforzo das competencias comunicativas, ao aprecio da diversidade lingüística e á relación entre as linguas desde unha perspectiva inclusiva, democrática e libre de prexuízos.

Estes obxectivos ofrecen, polo tanto, a oportunidade de establecer un diálogo profundo entre presente e pasado desde unha perspectiva crítica e humanista.

da civilización latina, e a súa achega fundamental á cultura, á sociedade, á política e á identidade europea.

Os criterios de avaliación de Latín I permiten avaliar o grao de logro dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles. Consonte a súa formulación competencial, expóñense enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir e o contexto ou modo de aplicación. A nivelación dos criterios de avaliación desenvólvese tendo en conta a adquisición das competencias de forma progresiva durante os dous cursos. Neste sentido, os procesos de autoavaliación e coavaliación prevén o uso de ferramentas de reflexión sobre a

propia aprendizaxe como a contorna persoal de aprendizaxe, o portfolio lingüístico, o diario de lectura ou o traballo de investigación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense nos dous cursos permitindo unha gradación e secuenciación flexible segundo os distintos contextos de aprendizaxe, e están organizados en cinco bloques:

a) Comprensión e interpretación dos textos

- Unidades lingüísticas da lingua latina

- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas

- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina

b) Latín e plurilingüismo.

- Nocións de evolución fonética situacións comunicativas.

c) A literatura latina nos seus textos.

- Comprensión e interpretación de textos literarios latinos, contribuíndo á identificación e descrición de universais formais e temáticos inspirados en modelos literarios clásicos.

d) A antiga Roma.

- Comprende os coñecementos e estratexias necesarios para o desenvolvemento dun espírito crítico e humanista, fomentando a reflexión sobre as semellanzas e diferenzas entre pasado e presente.

e) Legado e patrimonio.

- recolle os coñecementos, destrezas e actitudes que permiten a aproximación á herdanza material e inmaterial da civilización latina recoñecendo e apreciando o seu valor como fonte de inspiración, como testemuño da historia e como unha das principais raíces da cultura europea.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2		11			1
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		11-50			1
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		1
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecendo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3		2	2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Puer Latinus	Adentrámonos na vida dun romano dende o seu nacemento, empezando pola lingua, costumes e familia.	20	50	X		
2	Adulescens Latinus	O neno romano chega a adolescencia, cun coñecemento maior la lingua e outras responsabilidades familiares e sociais	30	50		X	
3	Homo Latinus	Xa temos un romano formado tanto na lingua, coma na cultura, coma na política.	50	40			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Puer Latinus	50

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Analizar correctamente as frases. Traducir as frases en unidades lingüísticas comprensibles.		
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Valorar o significado das palabras na tradución.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Leer correctamente a lingua latina. Identificar as unidades lingüísticas da lingua latina e a súa correspondencia.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Autoavaliación e coavaliación.	PE	90
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Compresión de textos latinos.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Traducir ou producir frases ou pequenos textos en lingua latina.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar as evolucións fonéticas, morfolóxicas ou semánticas da lingua latina as diferentes linguas que coñeza o alimno/a priorizando o galego e o castelán.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Emendar e millorar as traducións continuamente.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Facer diálogos breves en lingua latina aplicando a cortesía lingüística e a interlocución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...). - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
2	Adulescens Latinus	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado dos termos polo contexto.	PE	90
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.		
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Analizar os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.		
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crear a conciencia literaria e de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	TI	10
CA2.4 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Valorar a diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistemas de escritura ao longo da historia. - Evolución do latín: as linguas indoeuropeas, etapas da lingua latina, latín vulgar e latín culto, lingua falada e lingua

Contidos

- escrita.
- Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.
- O latín como lingua de cultura e prestixio; causas e consecuencias. Analoxía con contextos modernos.
- Regras fonéticas básicas na evolución do latín ás linguas de ensino.
- Léxico:
 - Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica.
 - Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina.
 - Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos.
 - Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
 - O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.
 - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
 - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional.
 - Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
3	Homo Latinus	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais,. Valorar as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos e os valores democráticos.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, mediando entre posturas cando sexa necesario, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.	Valorar o legado romano na nosa sociedade. Utilizar estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar sobre os aspectos do legado da civilización latina no ámbito relixioso e sociopolítico, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.		
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina. Analizar as producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar sobre o patrimonio histórico, e interesarse polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.		
CA4.6 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado, a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento do legado romano na nosa sociedade.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. - Xeografía do proceso de expansión de Roma na Península Ibérica. A Hispania tardorromana; suevos e visigodos. - Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade. - Historia da antiga Roma: <ul style="list-style-type: none"> - Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio). - Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C. - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo). Roma como exemplo de potencia imperialista: desmitificación da dominación romana. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais. - A romanización de Hispania e as pegadas da súa persistencia. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana; semellanzas e diferenzas. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. A súa pegada na Galicia moderna. - As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual. - A educación na antiga Roma: etapas educativas. - Principais obras artísticas da Antigüidade romana. - Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Latín ten unha serie de circunstancias que obrigan a facer un uso amplo e diverso de metodoloxías. Por unha banda, a lingua latina é iso, unha lingua, o que supón o emprego de metodoloxías propias da aprendizaxe de linguas. Por outra banda, a redución progresiva dos contidos de historia e cultura do mundo antigo nos currículos doutras materias fai que o currículo de Latín estea inzado de contidos desta natureza, básicos para entender o contexto da produción literaria do mundo romano, mais que supoñen a introdución de metodoloxías e, sobre todo, principios avaliativos que diverxen moito dos utilizados na aprendizaxe das linguas. Por se todo isto non fose pouco, o feito de que o latín sexa stricto sensu unha lingua morta, leva a unha interpretación extensiva deste concepto como lingua que non se pode falar e/ou escribir con fins comunicativos ordinarios, cando realmente unha lingua morta é, simplemente, unha lingua carente de falantes nativos/os. Este último aspecto provocou nos últimos dous séculos a consolidación dunha metodoloxía moi particular da aprendizaxe do latín, baseada nun profundo coñecemento gramatical e na utilización constante de glosarios ou dicionarios para poder entender os textos, entendemento que tería como finalidade última a tradución á lingua propia.

É por todo o explicado anteriormente que a proposta que se fai nesta programación distingue distintas aproximacións metodolóxicas en función dos bloques de contidos a avaliar, en correspondencia coa planificación e secuenciación que se fixo dos contidos en unidades didácticas, onde se procedeu a separar sistematicamente os contidos puramente lingüísticos dos non lingüísticos. Isto último precisa unha aclaración. O feito de que os contidos avaliados, por exemplo de historia, estean concentrados nunha unidade didáctica ao principio do curso, non significa que estes contidos non poidan ser obxecto de tratamento en unidades didácticas posteriores e doutra natureza, por exemplo nas dedicadas á lingua. O que significa é que estes contidos non poden ser avaliados fóra desa unidade de referencia, o que é substancialmente distinto.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS DE HISTORIA, CULTURA, LEGADO E HISTORIA DA LINGUA.

Para o tratamento destes contidos propóñense o uso das seguintes aproximacións metodolóxicas.

1. Persoa docente emisora, alumnado receptor. Esta metodoloxía pode ser especialmente adecuada para estes contidos, especialmente tendo en conta dúas circunstancias: a) o descoñecemento que pode ter o alumnado (en particular se non cursaron nin Cultura Clásica nin Latín de 4.º de ESO), b) as limitacións de tempo na aula. Así pois este modo de traballar, que se apoia despois na elaboración de exercicios e traballos guiados e que se avalía fundamentalmente a través de probas escritas e rúbricas respectivamente, pode resultar moito eficiente.

2. A aula invertida. Esta metodoloxía supón un cambio de papel da persoa docente, que pasa de ser emisora de información a colaboradora e guía do alumnado no seu proceso de aprendizaxe. Este modo de traballo supón que o alumnado accede á información de modo previo á aula, na que despois procede a traballar de modo activo aplicando ese coñecemento previo adquirido ou, cando menos, coñecido. Esta metodoloxía é moito atractiva porque permite introducir un grande cambio no traballo de aula, mais presente, entre outros, os seguintes retos:

a) a persoa docente debe contar cunha máis ca mínima capacidade de utilización de TIC,
b) a persoa docente ten que contar tamén con materiais de información, ben externos, ben de elaboración propia,
c) o grupo de alumnado na súa totalidade ten que dispoñer de acceso doado a internet e, finalmente,
d) o grupo de alumnado na súa maioría debe mostrar unha actitude positiva para con este método e comprometerse con el (este compromiso é fundamental, dado que se a meirande parte do grupo recorre a unha especie de "filibusteirismo de aula" con frecuencia - escusas como que "internet non funcionaba", que "o ordenador está avariado", etc. - esta metodoloxía ademais de ser moito ineficiente conleva unha perda de tempo importante e, en consecuencia, pode xerar unha grande frustración na persoa docente).

3. Traballo por proxectos. A persoa docente vincula o tratamento destes contidos a un proxecto ben interdisciplinar, ben propio. Esta metodoloxía que se está a desenvolver con éxito en etapas iniciais do ensino, presenta grandes dificultades segundo o número de materias vai medrando e atomizándose, e os contidos se van especializando, como acontece en particular no bacharelato. Esta metodoloxía presenta, entre outros, os seguintes retos:

a) deseño dun proxecto no que a vinculación da materia a este resulte clara e convincente (no caso dos proxectos interdisciplinares),
b) planificación precisa e realista dos tempos, dos procesos e tarefas así como dos produtos ou resultado final do traballo,
c) os recursos reais da aula ou espazo no que se vai desenvolver o traballo na aula e
d) compromiso do grupo de alumnado.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS LINGÜÍSTICOS.

Para a aprendizaxe da lingua latina hai que partir do obxectivo ou punto final que a persoa docente estableza para todo o proceso de aprendizaxe. Este obxectivo último, moi determinado en 2.º de bacharelato polo esixido nas probas de ABAU, non o está tanto en 1.º, onde as persoas docentes poden priorizar a adquisición de determinados coñecementos e habilidades fronte a outras. É por iso que nesta proposta de programación se separa entre unha aproximación gramaticalista (tamén chamada tradicional) e unha aproximación a partir de métodos activos.

1. Metodoloxía para un enfoque gramaticalista da aprendizaxe da lingua latina. Este enfoque parte da premisa de que o latín é unha lingua morta e, consecuentemente, as destrezas e coñecemento precisos para o uso da mesma non poden ou non deben ser traballados. En tanto que o obxectivo é a tradución correcta de textos orixinais literarios, isto é, textos dunha grande artificiosidade tanto na gramática como no vocabulario, dado que o aspecto formal neles é moito importante, priorízase a aprendizaxe profunda e completa da gramática, tanto a morfoloxía como a sintaxe, en detrimento do vocabulario e as construcións idiomáticas, que se deixan para a súa procura no dicionario. Este enfoque conleva unha aproximación á lingua moi técnica, na que a aplicación e uso de conceptos de morfoloxía e sintaxe son fundamentais e no que o alumnado procede a un estudo sistemático das estruturas lingüísticas para acceder, primeiro, a entender a construción lóxica da secuencia de texto e, despois, a deducir o seu significado coa axuda de glosarios ao principio e de dicionario nun estadio máis avanzado. Este enfoque consolida un coñecemento e práctica na análise morfolóxica e sintáctica que normalmente favorece o seu rendemento en materias como Lingua Castelá ou Lingua Galega. Crea, porén, a sensación no alumnado de que a aproximación a un texto latino supón un traballo de lóxica e aplicación de normas que o asemella moito á resolución de exercicios doutro tipo de materias. En calquera caso, o alumnado que se achega ao latín por esta vía asocia esta materia máis con lingua castelá ou galega ca coas linguas estranxeiras do seu repertorio.

A metodoloxía habitual nesta aproximación parte da explicación gramatical e sintáctica por parte do persoal docente, para pasar despois á elaboración de exercicios nos que se exemplifican ou reforzan os coñecementos adquiridos. Normalmente, para alixear a acumulación duns contidos tan áridos inclúense nas unidades didácticas aspectos doutros bloques de contidos que poidan introducir certa variedade.

2. Metodoloxía a partir de métodos activos. Este enfoque parte da premisa de que o latín é unha lingua e que, por tanto, o proceso de aprendizaxe da mesma debe ser o máis semellante posible ao proceso de adquisición de calquera outra lingua. O obxectivo final é que o alumnado poida acceder aos textos da literatura latina a través da súa lectura, entendendo como lectura o acto automático polo que unha persoa entende un texto combinando dun modo non consciente ou reflexivo as normas de gramática da lingua e o coñecemento do significado das palabras. Por tanto neste enfoque os aspectos lingüísticos a traballar veñen determinados pola frecuencia do uso, tanto no que atinxe á gramática como ao vocabulario, e pola procura do entendemento non reflexivo, cando menos en principio, do texto.

A metodoloxía propia deste enfoque pasa por unha lectura constante de textos de dificultade graduada, na que o persoal docente, mediante preguntas, uso de palabras ou expresións sinónimas, a asociación constante de determinadas expresións a unha xestualidade concreta e a realización constante de exercicios de uso da lingua, consegue que progresivamente o alumnado vaia adquirindo o correcto uso das formas dun modo case intuitivo. Isto non implica, porén, que nesta aproximación non haxa explicación gramatical ou aclaracións de natureza sintáctica. O que acontece é que á diferenza do enfoque gramaticalista, neste caso a aprendizaxe de gramática e sintaxe non é máis ca unha ferramenta de apoio a usar puntualmente.

Entre as grandes vantaxes deste enfoque pódese destacar basicamente dúas. Por unha banda, 1) o alumnado afaise dende o principio a ler e entender textos longos en latín, desenvolvendo estratexias para deducir o significado de palabras ou expresións en función do contexto. Pola outra, 2) o alumnado desenvolve unha grande capacidade de lectura e pronuncia correcta do latín.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación	
-	Materiais. Fotocopias elaboradas polo profesor/a. Soportes de escritura por parte do alumno/a
-	R e c u r s o s . -

Estratexias metodolóxicas.-

Partindo da competencia inicial do alumno/a hai que ter en conta:

- a diversidade: respectar os ritmos, estilos de aprendizaxe e capacidades,
- unha metodoloxía activa: basearse na práctica, na realidade e sociedade que rodea ao alumno,
- un enfoque orientado á práctica e á busca bibliográfica e en páxinas informáticas,
- o uso habitual das TIC,
- o papel facilitador do profesor,
- unha memorización comprensiva,
- indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- elaboración de sínteses.
- análise e crítica de documentos, gráficos, mapas...
- comentarios de textos.
- Aplicación e resolución de cuestións prácticas no mundo circundante.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

INTRODUCCIÓN

Latín de 1.º de bacharelato é unha materia na que, debido a que non foi obrigatoria en ningún momento da ESO, é preciso partir de cero. Como, porén, moito do alumnado que a escolle pode que cursase anteriormente Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO, un dos obxectivos principais da avaliación inicial (AI) é obter esta información.

Ademais do dito anteriormente, para facer unha AI máis efectiva sería conveniente contactar co Departamento de Orientación o antes posible, para poder acceder á información que sobre o alumnado en particular poida ter este departamento.

TEMPORALIZACIÓN

Levarase a cabo na primeira semana de clase unha xeral e logo ao principiar cada un dos temas ou unidades.

OBXECTIVOS

- 1.º Saber que alumnado cursou Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO.
- 2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Latín I.
- 3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).
- 4.º Identificar o alumnado repetidor.
- 5.º Valorar o coñecemento que o alumnado ten do mundo e cultura romana en xeral e da lingua latina en particular.

INSTRUMENTOS

1. Cuestionario escrito ou oral no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos cinco obxectivos apuntados anteriormente.
2. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Proba escrita	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10

Criterios de cualificación:

A temporalización das probas escritas:

- Faranse entre dúas e tres probas por unidade didáctica.
- En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación. Ponderación, redondeo...?

- As probas cualifícanse coa nota exacta que resulte de sumar o valor das respostas dos/as alumnos/as:
- Os contidos comúns a todas as avaliacións representarán o 50% da nota en todas as probas.
- Os traballos cualifícanse con nota numérica de 0 a 10.
- A observación directa na aula e o traballo na aula e na casa cualifícase segundo o teña feito ou non e o grao de consecución positivo ou negativo recollidos no caderno do/a profesor/a. Cada tres veces que non o teña feito por avaliación restaráselle un punto na devandita avaliación; tendo en conta que só por intentalo con ansia e ordenadamente será cualificado positivamente en dito traballo.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo...?

- Redondeo da nota á alza, non podendo levar decimais, se se trata da segunda proba con maior puntuación. Se é maior a nota da primeira proba o redondeo será á baixa.
- A nota resultante dos instrumentos de avaliación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións consistirá no 80% da nota total.
- O 20% restante será tendo en conta o comportamento, o interese amosado e a actitude do/a alumno/a; valorado no día a día e do que será informado o/a alumno/a en cada momento.

Que aspectos se van valorar dentro da observación do traballo na aula?

- A boa disposición e compostura na aula.
- A consecución de ambiente de silencio e atención.
- O traballo continuado e esforzo do/a alumno/a.

A ponderación por unidades é a seguinte:

- UD 1-20%
- UD 2- 30%
- UD 3- 50%

Criterios de recuperación:

Como se recupera unha proba non superada?

- Os contidos de historia e literatura recuperaranse con exame cualificado de 0 a 10 respetando a ponderación da materia ao respecto.
- Os contidos de lingua, ao ser avaliación continua, recuperaránse no seguinte exame.
- Se a avaliación non superada é a 3ª, realizarase unha proba final antes de que remate o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que unha persoa discente pase a 2.º curso de bacharelato coa materia Latín I pendente, háselle aplicar o seguinte plan de seguimento, recuperación e avaliación.

1. O alumnado afectado pode seguir o curso de 2.º como o resto do alumnado dándosele por aprobada a materia de 1.º no caso de aprobar a de 2.º, sendo a cualificación de 1.º a mesma ca do 2.º curso. Neste caso o alumnado afectado será obxecto dunha especial atención e seguimento, que se ha reflectir nun informe individualizado ao final de cada unha das dúas primeiras avaliacións, na que a persoa docente valore o progreso.

No caso de que o informe da 2.ª avaliación sexa negativo, o alumnado afectado poderá, en todo caso, facer unha proba específica semellante á especificada no seguinte punto, ao inicio da 3.ª avaliación.

2. O alumnado afectado poderá facer unha proba específica durante o 1.º trimestre na que se obtén un 5 ou cualificación superior, daráselle por superada a materia recibindo a cualificación obtida, tendo en conta os criterios de redondeo establecidos nesta programación.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que queira cursar Latín II sen cursar previamente Latín I, terá que acreditar os coñecementos mínimos desta última para poder cursar aquela. Esta acreditación poderá ser realizada de dúas maneiras:

1.º Cursando a materia como pendente. Neste caso o alumnado estará ao disposto no establecido no punto 5.3 desta programación.

2.º Realizando unha proba específica antes do inicio das actividades lectivas do curso 2023-24

23. Neste caso a proba constará das seguintes partes:

a) Pregunta tipo test sobre aspectos relacionados coa historia, sociedade, goberno, romanización, legado e orixe da lingua latina, no que se avalían os contidos correspondentes ás unidades didácticas 1 a 6 desta programación. Esta pregunta achegará o 25 % da puntuación total da proba.

b) Exercicio de lectura en voz alta de texto latino. Esta pregunta achegará o 10 % da puntuación total da proba.

c) Exercicio de comprensión de texto. O alumnado lerá un texto e responderá en latín as preguntas de comprensión deste texto. Esta pregunta achegará o 30 % da puntuación total da proba.

d) Exercicio de tradución de texto latino a castelán ou galego, segundo prefira a persoa discente. Esta pregunta achegará o 35 % da puntuación total da proba.

Hase considerar que acredita os coñecementos precisos a persoa discente que na devandita proba acade 5 ou máis puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Realizada a avaliación inicial (AI) e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan. As máis frecuentes neste curso serán as ordinarias e, dentro destas, as que se recollen na seguinte enumeración:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.).

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende

o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.

- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En todo caso, a posta en práctica dunha destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo educativo.

En todo caso, o alumnado repetidor será obxecto dun plan e seguimento específico. Sería moi recomendable que neste plan se recollen as circunstancias concretas que dificultan o proceso de aprendizaxe da/o alumna/o en cuestión e que as medidas se deseñen tendo en conta estas circunstancias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X
ET.2 - ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X
ET.6 - ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.7 - ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.8 - ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X
ET.9 - ET.9 - A creatividade.	X	X	X

Observacións:

1. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia, deseñada para que o alumnado mediante a lectura aprenda a se expresar por escrito e de forma oral. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.
2. A competencia dixital será traballada a través da realización de traballos en formato electrónico e da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.
3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente na 1.ª avaliación, mediante a elaboración de traballos que inclúan a produción de vídeos e recursos audiovisuais propios.
4. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico na UD 3, na que se han empregar textos relacionados coa historia de Roma e a evolución da sociedade.
5. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano estará presente a través das reflexións da persoa discente.
6. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, a persoa docente debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir a través do seu traballo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.
7. A igualdade de xénero. A persoa docente debe transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade.
8. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Asistencia ao festival de teatro clásico grecolatino en A Coruña ou Lugo. Visita á Torre de Hércules ou algún outro resto arqueolóxico romano.	O alumnado asistirá á representación dunha comedia romana en A Coruña ou Lugo. Pola mañá visitaremos a Torre de Hércules ou algún outro resto arqueolóxico romano..			
2. Excursión ás Médulas (León) ou a outros lugares de interese arqueolóxico romano ou castrexo..	Estas visitas estarán relacionados co contido da materia e a arqueoloxía que ao noso redor pervive.			

Observacións:

A asistencia á representación de obras de teatro clásicas é unha actividade angular da materia, dado que en función destas representacións hanse marcar as lecturas do curso. Temporalización: mes de marzo
 Aproveitaráse o día para ir á Torre de Hércules. Alí os alumnos/as terán unha explicación didáctica.
 A visita ás Médulas tentarase levar a cabo á par con outro departamento.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.

- | |
|---|
| 3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. |
| 4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. |
| 5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. |

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas, deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados